

JUSTINE HENIN-HARDENNE

Cando falamos de tenis, á maioría da xente véñenlle á cabeza nomes como: Rafa Nadal, as irmás Williams, Sharapova... pero case ninguén coñece unha tenista que, dende o meu punto de vista, xoga moi ben, ademais de ser unha gran persoa: Justine Henin.

Justine naceu o 1 de xuño de 1982 na parte francófona de Bélxica, e xa dende pequena viviu o tenis visitando nalgunha ocasión Roland Garros xunto a súa nai. Cando tiña dous anos a súa familia mudouse a unha nova casa, a tan só uns metros do club de tenis local, onde xogaríase por primeira vez (a ver quen non cre no destino). Aos cinco anos pasaba os seus veráns nas pistas e aos seis xa progresara o suficiente como para ingresar nun club dun nivel máis avanzado.


Despois destes primeiros pasos serios no adestramento e na competición, únese á federación francesa, onde un novo adestrador lle axuda a mellorar o seu xogo, e ao sentirse preparada abandónaa para iniciar un programa de adestramento privado.

Dende entón todo foi moi rápido. No 1999, tras gañar o Roland Garros xuvenil, deixa os seus estudos para converterse en xogadora profesional e con bastante fortuna pois, no seu primeiro ano, gaña o torneo de Amberes, xoga con Bélxica na Copa Federación e coñece a Pierre-Yves Hardenne, que tres anos despois se convertería no seu marido.

As lesións e enfermidades fixeron do 2000 un ano difícil para ela, pero regresa no 2001 gañando torneos menores e chegando á semifinal de Roland Garros e á final de Wimbledon, o que a colocaría entre as dez primeiras da clasificación mundial. No 2002 chega ao número catro para, definitivamente, alcanzar o liderato mundial no 2003 grazas ás súas vitorias en Roland Garros (París) e no US Open (EE.UU). Actualmente móvese entre as dez primeiras do mundo.

E esta é a bonita historia dunha rapaza normal, que de pequena admiraba a Steffi Graf pola súa elegancia xogando e que de maior ela mesma alcanzaría a cima nese deporte. Espero que nos siga abraíando co seu formidable revés a unha man por moitos anos.

ELMA B1B



RAFA NADAL

Ola amigos e amigas!

Rafa, despois de non xogar en catro meses pola súa lesión, volveu deixarnos a todos abraíados cando xogou contra o número un do tenis e logrou derrotalo; impoñéndose contra o suízo Roger Federer por 2-6, 6-4 e 6-4 nunha hora e cincuenta e tres minutos no torneo de Dubai. Este foi o primeiro título de Nadal en 2006, xa que debido á súa lesión non xogou ata entón. É o decimo terceiro título da súa carreira.

Este campión recibiu o seu premio, xunto con un millón de dólares, tras un longo discurso dun representante do torneo de Dubai.

Rafa Nadal ocupa o segundo posto na clasificación con 4.613 puntos despois do número un Roger Federer, con 7.275, pero penso que sen ningún problema vai chegar a ser o número un, vós que pensades?

Sabe responder moi ben ás xogadas dos seus rivais con esa agresividade e concentración na pista; así, esta vez tampouco defraudou, e conseguiu o xogo ao que nos ten acostumados en cada partido.

Espero que siga gañando moitos títulos, e adeus a todos.

Ata o próximo capítulo!

PAULA RIVADULLA, B1C

